



OBRADOIRO DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR.



“Gústame ser unha mecenas”

castrillon@edu.xunta.es
estherego@edu.xunta.es



INDICE

Introdución.

Desenvolvemento do Obradoiro de Enriquecemento Curricular.

Introdución.

Este Obradoiro parte do recollido na PXA do curso 2011-12, onde o 3º ciclo da E.P. (no apartado de “Actividades complementarias e extraescolares”), fai unha saída durante o 1º trimestre ao museo de Belas Artes de A Coruña.

O primeiro que establecemos coa titora e coa alumna foi un **horario** para traballar especificamente o obradoiro; levouno a cabo a especialista en PT.

Tivo **1 sesión de unha hora á semana**, fóra da aula (aula de apoio e obradoiro do centro escolar en función da actividade a desenvolver).

Nestas sesións a idea inicial era explicarlle á alumna o traballo que tería que desenvolver ao longo da semana para na sesión seguinte (1 semana de tempo) valoralo e, si fose preciso, modificalo; e proporlle novas actividades/tarefas para a sesión vindeira. Todo isto desenvolvíase a través dun apartado específico na **AULA VIRTUAL** do centro.

Pero este último punto, tivemos que modificalo por 3 motivos:

- ✓ Carga de traballo de titoría que a alumna levaba para a casa e que non lle deixaba tempo para adicarlle ao obradoiro.
- ✓ Dificultades de conexión á internet na súa casa.
- ✓ Falta de motivación.

As solucións que tomamos foron:

- ✓ *Non enviarlle o traballo para a casa* e que o fixera na sesión de apoio, deste xeito plantexabamos dende a aula virtual a actividade uns días antes, para que ela fose “organizando as súas ideas” ; e no traballo da sesión de apoio, estruturábanse e concretábanse as tarefas/actividades (facer power point, documento de word, publisher...).
- ✓ Para motivala, deixarlle na súa aula virtual o Obradoiro completo, para que tivera unha visión xeral do que tería que desenvolver e deste xeito ter claro a finalidade... (xa que a súa mente era eminentemente práctica).



Todas estas “medidas adoptadas” respondían ao carácter da alumna, xa que esta rexeitaba facer actividades onde se viran/amosaran/destacaran as súas habilidades/potencialidades ante o resto de compañeiros. De aí escoller o traballo en **AULA VIRTUAL**.



OBRADOIRO DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR.

“Gústame ser unha mecenas”





OBXECTIVOS DO OBRADOIRO.

Está indicado para o traballo da **área de Coñecemento do Medio, Matemáticas, Lingua e ou Lengua** (deixaremos que ela escolla a lingua na que quere traballar), **e Educación Artística.**

Traballaremos as **Competencias Básicas** de:

- **Competencia Cultural e Artística.**
- **Coñecemento e interacción co mundo físico.**

A **Competencia Cultural e Artística** traballarase da seguinte forma:

Descritor da Competencia	Nivel que se quere acadar
Dispor das habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas e de sensibilidade e sentido estético que permiten acceder ás manifestacións artísticas.	Ser quen de percibir e distinguir as diferentes manifestacións artísticas e comunica con coherencia as sensacións que se perciben. Ser capaz de utilizar habilidades de pensamento e comunicar con sentido crítico a concepción estética de diferentes movementos.
Ter interese por participar na vida cultural como fonte de enriquecemento e disfrute.	Chegar a participar na vida cultural do seu entorno. É quen de disfrutar da vida cultural do seu entorno.
Coñecer as principais técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.	Chegar a comparar e contrastar as principais técnicas, recursos e materiais artísticos en diferentes obras de arte. Saber utilizar (dominar) as principais técnicas, recursos e materiais artísticos.
Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	Ser quen de expresar e xustificar sentimentos ou ideas propias a través das diferentes linguaxes artísticas dende a súa creatividade.



O **Coñecemento e Interacción co mundo físico** traballarase:

Descriptor da Competencia	Nivel que se quere acadar
Identificar preguntas e problemas.	Que propoña unha ampla gama de preguntas ou problemas sobre situacións globais e universais.
Realizar unha investigación.	Ser capaz de realizar unha investigación completa de acordo á hipótese proposta.
Tomar decisións con destreza sobre o mundo físico e sobre a influencia da actividade humana con espírito crítico.	Que sexa capaz de analizar a probabilidade e a importancia das consecuencias, tendo en conta os criterios de sostenibilidade ou a calidade da vida das persoas, e toma a decisión máis axeitada.
Analizar información científica mediante a análise de partes e todo.	Ter a capacidade de recoller a interrelación das partes, para facer do todo, o que é.
Comprende, planifica e manexa procesos e solucións técnicas.	Chegar a unha planificación e posterior realización dun proxecto que solucione o problema proposto.

O **obxectivo xeral** é coñecer e dar a coñecer un museo (características, estrutura, organización de exposicións, criterios estético-artísticos...).

Os **obxectivos específicos** que se pretende con este obradoiro son:

- ✓ Coñecer os diferentes estilos de arte: escultura, pintura, cerámica...
- ✓ Describir o funcionamento interno dun museo.
- ✓ Recoñecer os 5 museos máis importantes do mundo.
- ✓ Enriquecer o seu vocabulario.



DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

“Gústame ser unha mecenas”.

Para o desenvolvemento do obradoiro, propóranse unha serie de actividades secuenciadas na seguinte orde:

“Gústame ser unha mecenas”

1. Que é un museo?

- a. Recopilación de información (escrita, dixital, video...) sobre que é un museo.
- b. Cales son os 5 museos máis importantes do mundo?. Fai unha descrición deles adxunta información.
- c. Cales son os 3 museos máis importantes de España?. Fai unha descrición deles e adxunta información.
- d. Cales son os museos máis importantes de Galicia?. Fai unha descrición deles e adxunta información.
- e. Cales son os museos máis importantes de Coruña?. Fai unha descrición deles e adxunta información.
- f. Enlaces que che poden servir de axuda:
 - i. http://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Museos_m%C3%A1is_visitados_del_mundo
 - ii. <http://www.mcu.es/museos/index.html>
 - iii. <http://www.museosdegalicia.com/index.jsp>
 - iv. <http://www.pintoresgallegos.com/>
 - v. <http://museobelasartescoruna.xunta.es/>
 - vi. <http://www.theartwolf.com/articles/pintores-mas-importantes.htm>

2. Empezo a crear o meu museo: son unha mecenas.

- a. Nesta actividade trátase de crear ti o teu propio museo, e para iso deberás ter en conta o seguinte:
 - i. Que artistas van formar parte do teu museo?. Deberás facer unha recopilación de artistas (3 galegos, 3 españois e 3 internacionais).



- ii. Unha vez que saibas quen serán os artistas que expoñerán no teu museo, deberás dicirnos cales obras son as que terás expostas. Para iso terás que ter en conta como está feito no museo de Belas Artes da Coruña.
- iii. A distribución dos/as artistas e das obras, deixámolo á túa elección.

3. Deseño o espazo do museo:

- a. Unha vez que xa tes en mente cales serán os/as artistas que exporán no teu museo, deberás:
 - i. Deseñar o interior do museo (tipo de espazos, salas, iluminación, escaleiras...).
 - ii. ter en conta a distribución das obras e que espazo lle darás a cada unha.
 - iii. Deseñar o exterior do museo (número de plantas que terá, alzado...).
- b. Para o deseño do espazo, pódeste inspirar en obras doutros artistas; podendo facer unha mixtura de estilos. Lémbrete de anotar as referencias (libros, páxinas web...) sobre quen te inspiras.

4. Xa estou preparada para a inauguración do meu museo: xa sabes que para inaugurar o museo, tes que ter todo colocado e distribuído polo espazo, así que os puntos importantes a ter en conta serán:

- a. Colocación das obras segundo o estilo, autor ou autores, tipo de obra...
- b. Número de estancias que ocuparán os artistas.
- c. Folletos informativos da/s exposición/s, guías (onde se indicará o percorrido correcto para visitar a exposición...).



5. Chegou o gran día: a inauguración.

- a. Xa estás no gran día...inaugurar o teu museo que che levou tanto tempo preparalo. Para isto precisarás deseñar o seguinte:
 - i. Invitacións para os/as asistentes.
 - ii. Que tipo de prensa vai cubrir o teu evento? (prensa escrita, audiovisual, dixital...) deberás indicar o nome dos medios aos que convoques e a que se adican.
 - iii. Deberás ser guía do teu museo, redactarás un guión onde expliques o percorrido da túa exposición e comentas as obras dos/as autores.

AVALIACIÓN:

Avaliarase o conxunto do traballo, algúns puntos serán:

- É capaz de recabar, de forma autónoma , información a través de diferentes medios (impreso, dixital...) e traballar sobre el.
- Axústase ao proposto nas actividades.
- É capaz de amosar a súa eficacia e responsabilidade seleccionando e tratando a información de xeito crítico e reflexivo para xerar producións creativas.
- É quen de utilizar e reelaborar información para un uso específico.
- Adquire un coñecemento xeral sobre pintores de relevancia nacional e internacional, así como das diferentes correntes pictóricas existentes.
- Explícita os seus gustos pictóricos, a través da escolla dos pintores que máis lle gustan a ela.